Para obter as altas, contamos co informe *401 Exemplares incorporados nun período (datos totais)* e o informe *428 Exemplares incorporados nun período (datos exhaustivos)*. Este último ofrece información detallada de cada exemplar. Será necesario recorrer a el nos seguintes casos:

- Os campos que usamos non conteñen información suficiente.

- Non coñecemos ben a colección.

Mentres a base de datos da biblioteca non teña os datos completos e o volume dos mesmos non sexa moi grande, recomendamos usar o informe 428.



➔ Datos totais: Informe 401 Exemplos incorporados nun período (datos totais)

Tras descargar e abrir o informe, obteremos uns resultados cunha visualización similar á da seguinte imaxe:

| Localizacion | Soporte | Tipo de exemplar | Procedencia | Cantidade |
|---------------|---------|------------------|-------------|-----------|
| Infantil | CD | ALP | DOA | 16 |
| Infantil | CD | LP | DOA | 1 |
| Infantil | DVD | ALP | DOA | 2 |
| Infantil | IMP | ALP | DOA | 1 |
| Infantil | IMP | CS | REC | 4 |
| Infantil | IMP | LP | | 1 |
| Infantil | IMP | LP | DOA | 510 |
| Infantil | IMP | LP | REC | 486 |
| Infantil | KIT | LP | REC | 1 |
| Sala préstamo | IMP | LP | DOA | 6 |
| Sala préstamo | IMP | LP | REC | 4 |
| Sala xeral | | LP | DOA | 1 |
| Sala xeral | | LP | REC | 1 |
| Sala xeral | CD | AEL | DOA | 1 |
| Sala xeral | CD | ALP | DOA | 2 |
| Sala xeral | CDR | ALP | DOA | 4 |
| Sala xeral | DIA | LP | DOA | 1 |
| Sala xeral | DVD | ALP | DOA | 1 |

Para poder agrupar e manexar a información, precisaremos aplicar os seguintes filtros:

a) Filtro por Procedencia para eliminar reconvertidos.

Hai que revisar a columna de procedencia e restar os exemplares que teñan o código "REC" (Reconversión) porque estes documentos xa os contabilizamos como altas en anos anteriores. Ao restalos, quedarémonos coas verdadeiras altas que nos piden na estatística.

Os principais códigos da procedencia son C (compra), DOA (doazón), REC (reconversión). Podedes consultar a listaxe completa de códigos no [Anexo I](#).

:E31 fx =SUBTOTALES(9;E2:E30)

| A | B | C | D | E |
|---------------|---------|------------|-------------|-----------|
| Localizació | Soporte | Tipo de ex | Procedencia | Cantidade |
| Infantil | CD | ALP | DOA | 16 |
| Infantil | CD | LP | DOA | 1 |
| Infantil | DVD | ALP | DOA | 2 |
| Infantil | IMP | ALP | DOA | 1 |
| Infantil | IMP | LP | | 1 |
| Infantil | IMP | LP | DOA | 510 |
| Sala préstamo | IMP | LP | DOA | 6 |
| Sala xeral | | LP | DOA | 1 |
| Sala xeral | CD | AEL | DOA | 1 |
| Sala xeral | CD | ALP | DOA | 2 |
| Sala xeral | CDR | ALP | DOA | 4 |
| Sala xeral | DIA | LP | DOA | 1 |
| Sala xeral | DVD | ALP | DOA | 1 |
| Sala xeral | DVD | LP | DOA | 1 |
| Sala xeral | IMP | ALP | DOA | 1 |
| Sala xeral | IMP | CS | DOA | 3 |
| Sala xeral | IMP | LP | DOA | 975 |
| Sala xeral | IMP | LP | OU | 3 |
| Xuvenil | IMP | LP | DOA | 82 |
| | | | | 1612 |



O total de incorporacións, segundo este informe, sería de 1612 documentos.

b) Filtro por varios campos para diferenciar soportes.

A estatística pídennos esta información por tipos de material e público ao que van destinados, polo que é necesario desagregala. Para facelo, temos que atender ás seguintes combinacións segundo as tipoloxías documentais:

Libros e folletos


Aplicamos un filtro ao campo "Soporte" para que conte só os IMP e os baleiros e outro ao campo "Tipo de exemplar" para que conte os LP, CS e Anexos, se os houbera:



Se na folia de cálculo resultante de executar o informe aparece algunha das seguintes combinacións de soportes e tipos de exemplar (sempre atendendo ás observacións que indicamos na táboa), podemos afirmar que estamos ante libros e folletos:

| Posibles combinacións de Soporte + Tipo de exemplar equivalentes a "Libros e folletos" | | |
|--|--|--|
| Soporte | Tipo de exemplar | Observacións |
| IMP (impreso) | LP (libro prestable) / LPA (libro prestable adultos) / Anexos | |
| IMP (impreso) | CS (consulta en sala) / CSA (consulta en sala adultos) / CR (documento consulta restrinxida) / FA (Fondo antigo) | Esta combinación é válida se na nosa biblioteca non temos ningunha revista como CS, CSA, CR ou FA. Se houbera algunha, habería que descontala e non contabilizala no apartado "Libros e folletos" da estatística, senón no de "Publicacións periódicas". |
| Baleiro (non temos información consignada no programa) | LP (libro prestable) / LPA (libro prestable adultos) | Esta combinación é válida se na nosa biblioteca non temos ningún mapa ou música impresa como LP ou LPA. Se houbera algún, habería que descontalo e non contabilizalo no apartado "Libros e folletos" da estatística, senón no de "Cartográficos" ou "Música impresa", segundo corresponda. |

No seguinte caso, podemos asegurar que os sinalados en amarelo son libros e os marcados en laranxa están condicionados ao sinalado nas observacións do cadro anterior:



Resultado: 147 libros e folletos incorporados no 20XX

Por tanto, se na nosa biblioteca non temos publicacións periódicas, material cartográfico ou música impresa, será suficiente con executar o informe 401. En caso contrario, precisaremos empregar o informe 428 *Exemplares incorporados nun período (datos exhaustivos)* para discriminar que son os sinalados en laranxa.



Publicacións periódicas

En Koha as publicacións periódicas pódense rexistrar de dúas maneiras:

- Facer simplemente unha descrición bibliográfica e logo colgar os exemplares coma se fai no caso dos libros.
- Facer unha subscrición no módulo de publicacións periódicas de Koha. As bibliotecas que usan esta opción poden empregar outros informes (ver o apartado “Incorporacións, baixas e total de exemplares de publicacións periódicas no módulo de periódicas”).

O informe 401 vai destinado ás bibliotecas que empregan a primeira opción. Deste xeito, se na folia de cálculo resultante de executar este informe temos o tipo de exemplar “PP” (Publicación periódica prestable) ou “PPA” (Publicación periódica prestable adultos), podemos afirmar que estamos ante publicacións periódicas.

No caso de que teñamos publicacións periódicas nas que, como tipo de exemplar, non se consignou PP ou PPA, senón CS, CSA, CI, FA ou CR debido a que son publicacións periódicas de consulta en sala, o informe 401 non nos valerá porque non saberemos de que tipo de material se trata. Teremos que usar o *428 Exemplares incorporados nun período (datos exhaustivos)*, xa que contén información máis exhaustiva de cada exemplar.

Para ver combinacións doutros materiais, é preciso consultar o [Anexo II](#).

c) Filtro por localización, colección ou outros campos para identificar público destinatario.

Os formularios das estatísticas tamén requiren desagregar estes datos por Adultos e Infantil, polo que hai que usar outros datos como a Localización.

No seguinte exemplo, a biblioteca asigna diferentes localizacións para a colección infantil e de adultos:

| Localizacion | Soporte | Tipo de exemplar | Colección | Cantidad |
|--------------------|---------|------------------|-----------|----------|
| Infantil | | LP | | 1 |
| Infantil e Xuvenil | | LP | | 19 |
| Sala préstamo | | LP | | 36 |
| Sala xeral | | LP | | 3 |
| Sala xeral | IMP | LP | | 1 |

Deste xeito, as bibliotecas que empreguen as localizacións Infantil, Xuvenil, Infantil-Xuvenil, Depósito infantil ou Bebeteca, poden aplicar un filtro por localización coa finalidade de diferenciar eses exemplares e os de adultos:

| Localizacion | Soporte | Tipo de exemplar | Cantidad |
|--------------------|---------|------------------|----------|
| Infantil | | LP | 1 |
| Infantil e Xuvenil | | LP | 19 |
| | | | 20 |

No exemplo anterior, teríamos 20 exemplares infantís e os restantes serían de adultos.

Tamén podemos utilizar a columna Colección para diferenciar o fondo infantil do adulto. Lembramos que este subcampo “f” colección dos exemplares en Koha o cubriremos cando o fondo se atopa nunha localización que non é a propia, por exemplo se temos fondo infantil noutras localizacións diferentes á de Infantil (sala de préstamo, xeral,...) ou se temos fondo de adultos (por exemplo, sobre a crianza) na localización Infantil:

| Localizacion | Soporte | Tipo de exemplar | Procedencia | Colección | Cantidad |
|--------------|---------|------------------|-------------|-----------|----------|
| Comicteca | IMP | LP | DOA | | 2 |
| Infantil | IMP | LP | DOA | | 4 |
| Infantil | IMP | LP | REC | | 29 |
| Sala xeral | IMP | LP | DOA | BI | 6 |
| Sala xeral | IMP | LP | REC | | 2 |

Baixar o informe:



BI = Biblioteca infantil. Esta biblioteca ten parte do fondo infantil na sala xeral, polo que o sinala como Biblioteca infantil na columna "Colección". Outros códigos interesantes deste campo para as estatísticas son BDE = Banda deseñada e FL = Fondo Local.

➔ **Datos exhaustivos: Informe 428 Exemplos incorporados nun período (datos exhaustivos)**

Cando, a partir do informe 401, non sexa posible obter toda a información que precisamos, recorreremos ao informe 428. Tras descargalo e abri-lo, obteremos uns resultados cunha visualización similar á da seguinte imaxe:

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I | J | K | L | M | N | O | P |
|----|-------------|-------------|-------------|-------------|---------------------|------------|--------------|---------|---------------|------------------|---------------------|--------|-------------|------------------|----------------|---------------------|
| 1 | Signatura h | Signatura i | Signatura k | Signatura j | Signatura m | Biblioteca | Localización | Soporte | Tipo exemplar | Tipo de rexistro | Nivel bibliográfico | Idioma | CDU | Código de barras | N. de rexistro | Data de publicación |
| 2 | | LLO rey | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | a | m | spa | 821.134.2 | CBM003000047201 | 47658 | 2016 |
| 3 | 42 | ngu | | | Infantil: 3-6 anos | CBM003 | S | | LP | a | m | spa | 821.111-3 | CBM003000040575 | 47660 | 2011 |
| 4 | PER-4.5 | RUI nue | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | a | m | spa | 618.2/7 | CBM003000015299 | 47662 | 2004 |
| 5 | DUP | BOY niñ | | | Xuvenil: Máis de 14 | CBM003 | P | | LP | a | m | sp | IFD:UG IFD | CBM003000027014 | 47663 | 2007 |
| 6 | | CAS can | | | Infantil: 6-8 anos | CBM003 | S | | LP | a | m | glg | 82-34-087 | CBM003000027333 | 47664 | 2005 |
| 7 | SAU-3 | ENC | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | a | m | spa | 615.8 | CBM003000024833 | 47665 | 2003 |
| 8 | | SEB cap | | | Infantil: 6-8 anos | CBM003 | S | | LP | a | m | glg | 087.5 | CBM003000000795 | 47666 | 2001 |
| 9 | | BRO nob | | | Infantil: 6-8 anos | CBM003 | S | | LP | a | m | spa | 087.5 | CBM003000026097 | | 2008 |
| 10 | | CAN arb | | | Infantil: 6-8 anos | CBM003 | S | | LP | a | m | glg | 82-93-087 | CBM003000000876 | 47668 | 2000 |
| 11 | | JEN val | | | Xuvenil: Máis de 14 | CBM003 | S | | LP | a | m | glg | 087.5-82 | CBM003000016023 | 47670 | 1999 |
| 12 | | SIE cam | | | Xuvenil: Máis de 14 | CBM003 | S | | LP | a | m | spa | 821.134.2 | CBM003000047093 | 47093 | 2014 |
| 13 | 42 | RUB | | | Infantil: 3-6 anos | CBM003 | S | | LP | a | m | glg | 82-087.5 | CBM003000028268 | | 2005 |
| 14 | | nen | | | Infantil: 6-8 anos | CBM003 | S | | LP | a | m | glg | 833 (r) | CBM003000000045 | | 2002 |
| 15 | COM-4 | MOR iba | | | Máis de 8 anos | CBM003 | S | | LP | a | m | spa | 87 | CBM003000000353 | | 1996 |
| 16 | | FAL cat | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | a | m | spa | 821.134.2 | CBM003000023068 | | 2008 |
| 17 | 43 | OTE | | | Infantil: 3-6 anos | CBM003 | S | | LP | a | m | glg | 087.5 | CBM003000019716 | | 2004 |
| 18 | 43 | CAR | | | Infantil: 6-8 anos | CBM003 | S | | LP | a | m | glg | 82-9-087.5 | CBM003000047141 | | 2009 |
| 19 | 43 | CAR | | | Infantil: 3-6 anos | CBM003 | S | | LP | a | m | glg | 833 (r) 087 | CBM003000002023 | | 2001 |
| 20 | MUS-4.2 | DIA toc | | | Infantil: 6-8 anos | CBM003 | S | CD | SO | a | m | glg | | CBM003000040956 | 40956 | 2013 |
| 21 | 43 | CAR | | | Infantil: 3-6 anos | CBM003 | S | | LP | a | m | glg | 833 | CBM003000018306 | | 2005 |
| 22 | | SOM peq | | | Infantil: 9-12 anos | CBM003 | S | | LP | a | m | spa | 087.5-82 | CBM003000030539 | | 2008 |
| 23 | | PAT peq | | | Infantil: 9-12 anos | CBM003 | S | | LP | a | m | spa | 845 (V) | CBM003000041208 | | 2012 |
| 24 | | GAN esc | | | Xuvenil: Máis de 14 | CBM003 | S | | LP | a | m | glg | 821.134.2 | CBM003000040856 | | 2011 |
| 25 | | MOR cas | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | a | m | spa | 821.111(9) | CBM003000041314 | | 2011 |
| 26 | | GOR doc | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | a | m | spa | 821.111(7) | CBM003000027118 | | 1996 |
| 27 | | KIN dia/5 | | | Infantil: 9-12 anos | CBM003 | S | | LP | a | m | sp | 841 | CBM003000040351 | | 2011 |

Total de filas 346, e restando a primeira fila (sen datos por tratarse do encabezado) son 345 filas.

Para poder agrupar e manexar a información, precisaremos aplicar os seguintes filtros:

a) Filtro por Procedencia para eliminar reconvertidos.

A estes resultados hai que aplicarlle un filtro por procedencia para non contar os que sexan reconvención (REC).

| Tipo exemplar | Descrición física | Tipo de rexistro | Nivel bibliográfico | Idioma | CDU | Código de barras | N. de rexistro | Data de publicación | Procedencia |
|---------------|-------------------|------------------|---------------------|--------|-------------------------------------|------------------|----------------|---------------------|-------------|
| LP | 270 p. ; | a | m | spa | 821.134.3-31*19**H | CAM025000000133 | 5923 | 2008 | REC |
| LP | 226 p. ; | a | m | spa | 821.134.2-25*18* 821.134.2-12*18* | CAM025000000046 | 670 | 1985 | REC |
| LP | 269 p. ; | a | m | spa | 821.134.2-23*19* | CAM025000000047 | 682 | 1985 | REC |
| LP | 238 p. ; | a | m | spa | | CAM025000000048 | 680 | 1985 | REC |
| LP | 208 p. | a | m | spa | 821.134.2-2*19* | CAM025000000049 | 5924 | 1972 | DOA |
| LP | 377 p. [1] h. | a | m | spa | 82-22 821.134.2-2*18* | CAM025000000050 | 2073 | 1975 | REC |

Na

| F | G | H | I | J | K | L | M | N | O | P | Q | R | S | T | U |
|-------------|-------------|------------|--------------|-----------|---------|---------------|---------------|-------------|-------------|--------|---------------|------------------|-----------|---------|-------------|
| Signatura j | Signatura n | Biblioteca | Localización | Colección | Soporte | Tipo exem | Descrición | Tipo de rex | Nivel bibli | Idioma | CDU | Código de barras | N. de rex | Data de | Procedencia |
| | | CAM025 | | | IMP | LP | 208 p. ; | a | m | spa | 821.134.2-2* | CAM025000000049 | 5924 | 1972 | DOA |
| | | CAM025 | | | IMP | LP | 171 p. ; | a | m | spa | 820-21*16" | CAM025000000061 | 5925 | 1982 | DOA |
| | | CAM025 | | | IMP | LP | 148 p. ; | a | m | glg | 869.9-2 | CAM025000000056 | 5926 | 1973 | DOA |
| | | CAM025 | | | IMP | LP | 439 p. ; | a | m | spa | 821.134.2(72) | CAM025000000231 | 5927 | 2013 | DOA |
| | | CAM025 | | | IMP | LP | 375 p. ; | a | m | spa | 821.111(71)-3 | CAM025000000223 | 5928 | 2014 | DOA |
| | | CAM025 | | | IMP | LP | 376 p. ; | a | m | spa | 821.134.2(72) | CAM025000000227 | 5929 | 2003 | DOA |
| [G] | | CAM025 | | | IMP | LP | 94 p. ; | a | m | glg | 821.133.1-2* | CAM025000000230 | 1424 | 1987 | OU |
| [G] | | CAM025 | | | IMP | LP | 57 p. ; | a | m | glg | 821.134.2-2* | CAM025000000221 | 1399 | 1989 | OU |
| [G] | | CAM025 | | | IMP | LP | 95 p. ; | a | m | glg | 869.9-2 | CAM025000000249 | 5930 | 1980 | DOA |
| | | CAM025 | | | IMP | LP | 542 p. ; | a | m | spa | 821.111-31* | CAM025000000243 | 5931 | 1994 | DOA |
| | | CAM025 | | | IMP | LP | 194 p. ; | a | m | spa | 821.113.5-2* | CAM025000000308 | 5932 | 2015 | DOA |
| | | CAM025 | | | IMP | LP | 128 p. ; | a | m | spa | | CAM025000000248 | 5933 | 1977 | DOA |
| | | CAM025 | | | IMP | LP | 149 p. ; 1 h. | a | m | spa | 821.134.2-22* | CAM025000000244 | 5934 | 1969 | DOA |
| | | CAM025 | | | IMP | LP | 171 p. ; | a | m | spa | 821.134.2-23* | CAM025000000260 | 5937 | 2015 | DOA |
| | [G] | CAM025 | | | LP | XXVI, 112, LV | a | m | glg | | 821.13 | CAM025000000327 | 5938 | 2002 | DOA |

estatística, piden os datos desagregados por tipo de soporte e público destinatario, polo que hai que aplicar máis filtros.

b) Filtro por varios campos para diferenciar soportes.

Libros e folletos





Neste informe 428 temos máis datos para identificar os libros e folletos xa que hai máis combinacións posibles. Podemos asegurar que, se se dá algunha das combinacións que se amosan na seguinte táboa (coa información, como mínimo, que aparece en “Soporte”, “Tipo de exemplar” etc.), estamos ante libros e folletos:

| Posibles combinacións mínimas equivalentes a "Libros e folletos" | | | | | |
|--|--|----------------------|---------------------------------|---|--|
| Soporte | Tipo de exemplar | Tipo de rexistro | Nivel bibliográfico | Descrición física (campo 300) | Observacións |
| IMP (impreso) | LP (libro prestable) / LPA (libro prestable adultos) / Anexos | | | | |
| IMP (impreso) | CS (consulta en sala) / CSA (consulta en sala adultos) / CR (documento consulta restrinxida) / FA (Fondo antigo) | | | | Esta combinación é válida se na nosa biblioteca non temos ningunha revista como CS, CSA, CR ou FA. Se houbera algunha, habería que descontala e non contabilizala no apartado “Libros e folletos” da estatística, senón no de “Publicacións periódicas”. |
| Baleiro (non temos información consignada no programa) | LP (libro prestable) / LPA (libro prestable adultos) | | | | Esta combinación é válida se na nosa biblioteca non temos ningún mapa ou música impresa como LP ou LPA. Se houbera algún, habería que descontalo e non contabilizalo no apartado “Libros e folletos” da estatística, senón no de “Cartográficos” ou “Música impresa”, segundo corresponda. |
| IMP (impreso) | CS (consulta en sala) / CSA (consulta en sala adultos) / CR (documento consulta restrinxida) / FA (Fondo antigo) | | m (monografía) ou c (colección) | | Con esta combinación, podemos descartar as publicacións periódicas, xa que estas consígnanse cun “s” en “Nivel bibliográfico” |
| IMP (impreso) | CS (consulta en sala) / CSA (consulta en sala adultos) / CR (documento consulta restrinxida) / FA (Fondo antigo) | | | Indicación de páxinas ou de volumes na descrición física(300\$a). Por exemplo, “200 p.” ou “3 v.” | Ao aparecer o número de páxinas ou de volumes na descrición física, podemos descartar as publicacións periódicas xa que para estas consígnanse somentes un “v.” sen ningunha cifra diante. |
| Baleiro (non temos información consignada no programa) | CS (consulta en sala) / CSA (consulta en sala adultos) / CR (documento consulta restrinxida) / FA (Fondo antigo) | a (material textual) | m (monografía) ou c (colección) | | |
| Baleiro (non temos información consignada no programa) | LP (libro prestable) / LPA (libro prestable adultos) | a (material textual) | | | O “a” en Tipo de rexistro permite descartar “Cartográficos” e “Música impresa” xa que estes consígnanse cun “e” e cun “c” respectivamente. |
| Baleiro (non temos información consignada no programa) | Anexos | | | Indicación de folleto ou libro na descrición física (300 \$e). Por exemplo, “(+1 folleto) ou “(+1 libro)” | |

Datos baleiros

Os datos baleiros que conseguimos completar por outras vías podemos ir cubríndoos no informe (noutra cor) para saber o que fomos deducindo. Iso nos valerá despois para atopar eses documentos e rectificar as catalogacións no programa. Convén ocuparse deles en primeiro lugar para decidir en que grupo os contaremos.





| A | B | C | D | E | F | G | H | I | J | K | L | M | N | O | P | Q | |
|---------|-------------|-----------|------|--------------------------|---------|-----|---------|---------------|--------------------------------|--------------|-----------------|----------------|--------|-----------------|---------------|----------------|-------|
| Signatu | Signatura i | Signatu | Sign | Signatura m | Bibliot | Loc | Soporte | Tipo exemplar | Descrición fis | N. de volume | Tipo de rexista | Nivel bibliogr | Idioma | CDU | Código de ba | N. de rexistro | |
| 1 | CLA jue/1 | | | Adultos | CBM003 | S | IMP | LP | 2 v. | v. 1 | a | m | sp | 821.111(73)-31* | CBM003000030* | 30010 | |
| 2 | CLA jue/2 | | | Adultos | CBM003 | S | IMP | LP | 2 v. | v. 2 | a | m | sp | 821.111(73)-31* | CBM003000040* | 30010 | |
| 3 | INK lid | | | Infantil: 6-8 anos | CBM003 | S | IMP | LP | 43 p. | | a | m | spa | 82-34-087.5 | CBM003000030* | 30386 | |
| 4 | INK lid | | | Infantil: 6-8 anos | CBM003 | S | IMP | LP | 43 p. | | a | m | spa | 82-34-087.5 | CBM003000030* | 30387 | |
| 5 | SMI cro/2 | | | Xuvenil: Máis de 16 anos | CBM003 | S | IMP | LP | 231 p. | | a | m | sp | | 846 | CBM003000030* | 30402 |
| 6 | COM-5 | THO mei | | Xuvenil: Máis de 16 anos | CBM003 | S | IMP | LP | 57 p. | | a | m | glg | 821.134.4-91*19 | CBM003000030* | 30437 | |
| 7 | CIE-0 | SIM ele | | Infantil: 6-8 anos | CBM003 | S | IMP | LP | 32 p. | | a | m | spa | 088.621.5621.0 | CBM003000030* | 30775 | |
| 8 | OSB que | | | Infantil: 6-8 anos | CBM003 | S | IMP | LP | 75 p. | | a | m | spa | 833 (r) | CBM003000031* | 31025 | |
| 9 | CAS xel | | | Infantil: 6-8 anos | CBM003 | S | IMP | LP | 54 p. : 1 disco compacto (DVD) | | a | m | glg | 821.134.4-31*19 | CBM003000031* | 31026 | |
| 10 | 41 | COC | | Infantil: 3-6 anos | CBM003 | S | IMP | LP | [15] p. | | a | m | spa | 832 | CBM003000031* | 31088 | |
| 11 | 41 | COC | | Infantil: 3-6 anos | CBM003 | S | IMP | LP | [15] p. | | a | m | spa | 832 | CBM003000031* | 31089 | |

| | |
|---------|-----|
| Adultos | CBM |
| Adultos | CBM |
| Adultos | CBM |
| Adultos | CBM |

Buscar todo

Se encontraron 329 de 345 registros

Resultado: 329 libros incorporados no 20XX

Publicacións periódicas

O informe 428 *Exemplares incorporados nun período (datos exhaustivos)* e as indicacións seguintes van destinadas ás bibliotecas que só colgan estes exemplares baixo un rexistro bibliográfico (os centros que empregan o módulo de periódicas, xa dispoñen doutros informes e deben consultar o apartado “Incorporacións, baixas e total de exemplares de publicacións periódicas no módulo de periódicas” deste manual).

Neste informe temos máis datos para identificar as publicacións periódicas que co informe 401 (no 428 hai máis combinacións posibles e datos que nos aseguran que se trata deste tipo de soporte). Podemos asegurar que, se se dá algunha das combinacións que se amosan na seguinte táboa (coa información, como mínimo, que aparece en “Soporte”, “Tipo de exemplar” etc.), estamos ante publicacións periódicas:





| Posibles combinacións mínimas equivalentes a "Publicacións periódicas" | | | | | |
|--|---|----------------------|-------------------------|--|--|
| Soporte | Tipo de exemplar | Tipo de rexistro | Nivel bibliográfico | Localización e/ou Sinatura | Observacións |
| Baleiro (non temos información consignada no programa) | PP (publicación periódica prestable) / PPA (publicación periódica prestable adultos) | | | | |
| IMP (impreso) | CS (consulta en sala) / CSA (consulta en sala adultos) / CR (documento consulta restrinxida / FA (Fondo antigo) | | s (publicación seriada) | | |
| IMP (impreso) | CS (consulta en sala) / CSA (consulta en sala adultos) / CR (documento consulta restrinxida / FA (Fondo antigo) | | | Localización = Hemeroteca e/ou Sinatura específica | Se non poñemos sinatura específica ás publicacións periódicas (tipo "Public.-" etc.) e só indicamos a localización co valor "Hemeroteca", esta combinación será válida no caso de que non teñamos na hemeroteca outros CS/CSA/CR/FA que non sexan publicacións periódicas. |
| Baleiro (non temos información consignada no programa) | CS (consulta en sala) / CSA (consulta en sala adultos) / CR (documento consulta restrinxida / FA (Fondo antigo) | | | Localización = Hemeroteca e/ou Sinatura específica | Se non poñemos sinatura específica ás publicacións periódicas (tipo "Public.-" etc.) e só indicamos a localización co valor "Hemeroteca", esta combinación será válida no caso de que non teñamos na hemeroteca outros CS/CSA/CR/FA que non sexan publicacións periódicas. |
| Baleiro (non temos información consignada no programa) | CS (consulta en sala) / CSA (consulta en sala adultos) / CR (documento consulta restrinxida / FA (Fondo antigo) | a (material textual) | | Localización = Hemeroteca e/ou Sinatura específica | Se non poñemos sinatura específica ás publicacións periódicas (tipo "Public.-" etc.) e só indicamos a localización co valor "Hemeroteca", esta combinación será válida no caso de que non teñamos na hemeroteca outros CS/CSA/CR/FA que non sexan publicacións periódicas. |
| Baleiro (non temos información consignada no programa) | CS (consulta en sala) / CSA (consulta en sala adultos) / CR (documento consulta restrinxida / FA (Fondo antigo) | | s (publicación seriada) | | |

Para as combinacións doutros tipos de materiais, consultar [Anexo II](#) deste documento.

c) Filtro por localización ou outros campos para identificar público destinatario.

Hai que aplicar, aos resultados anteriores, un filtro máis por Localización escollendo as que correspondan a Infantil, Infantil-Xuvenil Xuvenil, Bebeteca, Depósito Infantil...





| | | |
|--|---------|--------|
| | Adultos | CBM00: |
| | Adultos | CBM00: |
| | Adultos | CBM00: |

Se encontraron 146 de 345 registros

Infantís: 146 libros libros infantís-xuvenís incorporados no 20XX

Adultos: restar do total os infantís para saber os que son de adultos: $345 - 146 = 199$.

Se aparecen datos baleiros en Localización, ou esta non nos aporta información significativa sobre o público (por exemplo, porque temos unha única localización "Sala xeral"), haberá que filtrar por outros campos como a sinatura (se empregamos, poñamos por caso, "I-" ou "087.5" etc.) para decidir se estamos ante documentos dirixidos a adultos ou a nenos.

Tamén podemos discriminar entre adultos e infantil a través da sinatura complementaria (subcampo "m"), no caso de que a usemos para consignar un sistema de cores que empreguemos na biblioteca (como o da Fundación Germán Sánchez Ruipérez).

I.2 BAIXAS DE EXEMPLARES

I.2.1 Sistemas

Contaranse as baixas de Koha, pero se no 20XX se deron de baixa exemplares da colección que aínda non se incorporaran a Koha (catalogados noutro programa ou nun sistema manual), tamén hai que sumalos.

- As baixas de documentos que lles quedaron no repositorio ás bibliotecas integradas no catálogo na Fase 2 tiveron que anotarse manualmente na folia de cálculo resultante de executar o informe 448 de Koha.

- As baixas de exemplares no sistema manual ou en Meiga, no caso das bibliotecas que se integraron sen migración e que non remataron de introducir os seus exemplares en Koha no ano obxecto da estatística, contabilizaranse sempre e cando eses exemplares xa se computaran como altas na estatística en anos anteriores (non podemos dar de baixa o que nunca se deu de alta). Así que, para saber o total de baixas, hai que sumar as existentes en cada un destes sistemas:

Meiga / Outro programa anterior (se é o caso) + Koha (informes 402/429) + Sistema manual (se o houber) + Repositorio, se é o caso (informe 448)

- As bibliotecas que usen o módulo de periódicas deberán consultar o [Anexo IV](#) deste manual para contabilizar os exemplares de periódicas dados de baixa.

I.2.3 Informes de Koha para contabilizar as baixas de exemplares

- Datos totais: informe *402 Exemplares dados de baixa nun período (datos totais)*.

- Datos exhaustivos: informe *429 Exemplares dados de baixa nun período (datos exhaustivos)*, que veremos máis abaixo. Este informe posúe información detallada de cada exemplar. Será necesario recorrer a el nos seguintes casos:

- Os campos que usamos non conteñen información suficiente.

- Non coñecemos ben a colección.

Mentres a base de datos da biblioteca non teña os datos completos e o volume dos mesmos non sexa moi grande, recomendamos usar o informe 429.

➡ Datos totais: Informe *402 Exemplares dados de baixa nun período (datos totais)*

| Localizacion | Coleccion | Soporte | Tipo de exemplar | Cantidade |
|--------------|-----------|---------|------------------|-----------|
| FL | | IMP | CS | 1 |
| S | | | LP | 38 |
| S | | | VD | 3 |
| S | | CDR | EL | 2 |
| S | | DVD | AVD | 2 |
| S | | DVD | VD | 2 |
| S | BI | IMP | LP | 40 |

Baixar o informe: Texto separado por comas

Tempo de execución 0 s



Para poder agrupar e manexar a información, precisaremos aplicar os seguintes filtros (xa vistos no apartado dedicado ás altas de exemplares):

a) Filtro por varios campos para diferenciar soportes. No caso de enriba hai datos incompletos, polo que teremos que revisar se eses LP (libros prestables) son verdadeiramente IMP (impresos) ou outro material como MP (mapa/plano) ou MI (música impresa), e/ou posibles erros. Facer suposicións significa que coñecemos moi ben o noso fondo. Lembramos a importancia de encher todos os campos para logo poder obter a información de xeito máis fidedigno.

b) Filtro por localización, colección ou outros campos para identificar o público destinatario. As bibliotecas que empreguen as localizacións Infantil, Xuvenil, Infantil-Xuvenil, Depósito infantil ou Bebeteca, poden aplicar un filtro por localización coa finalidade de diferenciar eses exemplares e os de adultos.

Tamén podemos utilizar a columna **Colección** para diferenciar o fondo infantil e o adulto. Lembramos que este subcampo "f" colección dos exemplares o cubriremos cando o fondo se atopa nunha localización que non é a propia (por exemplo, se temos fondo infantil noutras localizacións diferentes á de Infantil - sala de préstamo, sala xeral,...- ou se temos fondo de adultos na localización Infantil).

No seguinte caso, ademais do problema cos LP, precisaremos saber que clase de material son os CS (Consulta en sala):

| A | B | C | D |
|--------------|---------|------------------|----------|
| Localización | Soporte | Tipo de exemplar | Cantidad |
| FIX | | VD | 1 |
| FIX | DVD | VD | 1 |
| FIX | IMP | LP | 1 |
| S | | CS | 1 |
| S | | LP | 36 |
| S | | VD | 3 |
| S | IMP | LP | 1 |
| | | | |
| | | | 44 |

No seguinte exemplo, supoñendo que na localización COMIC teñamos libros para adultos e para nenos, ademais de seguir co problema dos LP e CS sen soporte, tamén atopamos a imposibilidade de diferenciar que parte deses exemplares son infantís e cales son para adultos:

| Localización | Soporte | Tipo de exemplar | Cantidad |
|--------------|---------|------------------|----------|
| AUDV | | VD | 3 |
| B | | LP | 1 |
| COMIC | | LP | 1 |
| FIX | | LP | 11 |
| FL | | LP | 6 |
| FL | | PPP | 1 |
| S | | LP | 19 |
| S | | SO | 1 |
| S | | VD | 2 |

Debido a todas as carencias atopadas, precisaremos executar o informe *429 Exemplares dados de baixa nun período (datos exhaustivos)*.

➡ **Datos exhaustivos: Informe 429 Exemplares dados de baixa nun período (datos exhaustivos)**

O informe 429 complementa ao anterior (402). Con el podemos ver detalladamente os exemplares que demos de baixa e podemos completar información que non nos aparecía no informe 402, xa que contén moitos máis datos que nos permitirán decidir en numerosos casos ante que material estamos (por exemplo, se un impreso é un libro ou un mapa).

Tras descargar e abrir o informe, obteremos uns resultados cunha visualización similar á da seguinte imaxe:



| A | B | C | D | E | F | G | H | I | J | K | L | M | N | O | P |
|---------|-------------|-----|-----|-----------------------|---------|----|------|-------|---------------|----|----|----------------|-----------------|---|-----------------------|
| Signat | Signatur | Sid | Sid | Signatura | Biblioc | Lc | Sopl | Tipol | Descricio | Ti | Ni | CDU | Codigo de barra | Titulo | Autor |
| 43 | ALC | | | Infantil: 3-6 a | CBM003 | S | | LP | 28 p | a | m | 087.5:82*T0 | CBM00300000509 | Tento e maila cadea | |
| | PAC | | | Infantil: 3-6 a | CBM003 | S | | LP | 1 v | a | m | IFB:TE IFT:IF | CBM003000004635 | El zoo de la Z | |
| | GOR cha | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | 857 p | a | m | 821.111(73):X | CBM003000004855 | Chamán | |
| | GON mil | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | 262 p | a | m | 860-141*12* | CBM003000005578 | Milagros de Nuestra Señora / | Gonzalo de Berceo |
| | GAR poe | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | 209 p | a | m | 929 Garcilas | CBM003000005602 | Poesía castellana completa | |
| LIN-1.2 | PIM lep | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | 135 p | a | m | 929 Pimentel | CBM003000006507 | Luis Pimentel e Sombra do aire na herba | |
| CIN-6.6 | BAR/2 | | | Infantil: 3-6 a | CBM003 | S | DVD | VD | 30 videodisco | a | m | 791.23 | CBM003000012066 | Barrio Sésamo [| |
| XER-0 | ENC eti/8 | | | Máis de 8 an | CBM003 | S | | LP | 72 p | a | m | 087.5:55 | CBM003000016617 | A auga | |
| 43 | SOL | | | Infantil: 3-6 a | CBM003 | S | | LP | [28] p | a | m | IFT:TG | CBM003000018021 | Edu, el pequeño lobo | |
| COM-4 | ZIP esc | | | Infantil: 8-12 a | CBM003 | S | | LP | 1 v | a | m | IEK*H | CBM003000021652 | Zipi y Zape | |
| EDU-0 | DUR his | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | 430 p | a | m | 37(44)(091) | CBM003000022948 | Historia de la educación y de las doctrinas pedagógicas | |
| | RIV ton | | | Xuvenil: Máis de 8 an | CBM003 | S | | LP | 160 p | a | m | 087.5:82*D | CBM003000024479 | Tonecho de Rebordecho | |
| 41 | NEN | | | Infantil: 3-6 a | CBM003 | S | | LP | [121] p | a | m | IFD 087.5:82 | CBM003000024689 | De la cabeza a los pies | |
| | BUR chi | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | 173 p | a | m | 821.111-31**H | CBM003000025590 | Los chicos salvajes | Burroughs, William S. |
| | BRO pin | | | Infantil: 6-8 a | CBM003 | S | | LP | 1 v | a | m | 087.5 | CBM003000026060 | Las pinturas de Willy / | Browne, Anthony. |
| | KER pap | | | Infantil: 6-8 a | CBM003 | S | | LP | [49] p | a | m | 833 (r) | CBM003000026093 | Papá escapó con el circo / | Keret, Etgar |
| XER-1 | MEL sai | | | Máis de 8 an | CBM003 | S | | LP | 63 p | a | m | 087.5:929 S# | CBM003000027549 | Saint-Exupéry | |
| | HOM nen | | | Infantil: 6-8 a | CBM003 | S | | LP | [40] p | a | m | 833 | CBM003000027983 | O neno que aprendeu a voar | |
| | CAS pom | | | Xuvenil: Máis de 8 an | CBM003 | S | | LP | 171 p | a | m | 841 | CBM003000028372 | A Pomba e o Degolado | |
| | LUC ren | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | 444 p | a | m | 821.134.2-31* | CBM003000031174 | Los renglones torcidos de Dios | |
| | BRO adi | | | Infantil: 6-8 a | CBM003 | S | | LP | [28] p | a | m | IFB | CBM003000031228 | Adiós, querida ballena | |
| | PET bos | | | Xuvenil: Máis de 8 an | CBM003 | S | | LP | 443 | a | m | 087.5:82 | CBM003000041010 | El bosque de los cuervos | |
| LIN-8.1 | SAL éta | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | 189 | a | m | 821.162.1-14* | CBM003000041044 | Ils étaient une fois | |
| 44 | MIP | | | Infantil: 3-6 a | CBM003 | S | | LP | 1 v | a | m | MC IFU | CBM003000041354 | Mi primer gran libro de los dinosaurios | |
| | FER flo | | | Infantil: 8-12 a | CBM003 | S | | LP | 119 p | a | m | IFE | CBM003000045072 | As flores radiactivas | |
| 41 | CAI/2 | | | Infantil: 3-6 a | CBM003 | S | | LP | 1 v | a | m | IFB IFW IFT | CBM003000047357 | Cóñece estes animais e verás que son xeniais | |
| 41 | CAI/3 | | | Infantil: 3-6 a | CBM003 | S | | LP | 1 v | a | m | MDE IFW IF | CBM003000047358 | Ri o cao de contento, con sol, chuvia, neve ou vento | |
| 41 | CAI/4 | | | Infantil: 3-6 a | CBM003 | S | | LP | 1 v | a | m | OF IFW IFT | CBM003000047359 | Como nos gusta viaxar por aire, por terra e por mar! | |
| | LAD oso | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | 51 p | a | m | 821.134.4-3**H | CBM003000047380 | Oso, mamá, sí? | |
| | PER vin | | | Adultos | CBM003 | S | IMP | LP | 95 p | a | m | 821.134.4-3**H | CBM003000047410 | Vinte fragmentos de mocidade voraz | Pérez Pérez, Tito |
| | BER man | | | Adultos | CBM003 | S | | LP | 429 p | a | m | 821.111(73):X | CBM003000047430 | Manual para mujeres de la limpieza | |
| | CAS obr/2 | | | Adultos | CBM003 | S | IMP | LP | | a | m | 821.134.4-82* | CBM003000047786 | Obras: Alfonso R. Castelao | |

Para poder agrupar e manexar a información, precisaremos aplicar o seguintes filtros (xa vistos no apartado dedicado ás altas de exemplares):

a) Filtro por varios campos para diferenciar soportes.

Con este filtro, quedarían resoltos os problemas de saber se todos os LP son libros ou non por medio da información das outras columnas (Nivel bibliográfico, Tipo de rexistro ou, incluso, páxinas ou sinatura). A este informe podemos aplicarlle as combinacións usadas nas táboas de Libro e folletos e Publicacións periódicas empregadas no informe 428 de enriba.

Para baixas de publicacións periódicas xestionadas no módulo de Periódicas, véxase o [Anexo IV](#).

Para o resto de materiais, véxase o [Anexo II](#).

b) Filtro por localización, colección ou outros campos para identificar público destinatario.

Aos resultados anteriores hai que aplicar un filtro máis por **localización** escollendo as que correspondan a Infantil, Infantil-Xuvenil Xuvenil, Bebeteca, Depósito Infantil...

Se aparecen datos baleiros en localización ou esta non nos aporta información significativa sobre o público (por exemplo, porque temos unha única localización "Sala xeral"), haberá que filtrar por outros campos como a sinatura (se empregamos, poñamos por caso, "I-" ou "087.5" etc.) para decidir se estamos ante documentos dirixidos a adultos ou a nenos.

Tamén podemos discriminar entre adultos e infantil a través da sinatura complementaria (subcampo "m") no caso de que a usemos para consignar un sistema de cores que empreguemos na biblioteca (como o da Fundación Germán Sánchez Ruipérez).

II. COLECCIÓN. INCORPORACIÓNS, BAIXAS E TOTAL DE EXEMPLARES DE PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS NO MÓDULO DE PERIÓDICAS


As bibliotecas que usen o módulo de periódicas poden saber os exemplares que incorporaron nas súas subscricións por medio do informe *418 Exemplares de publicacións periódicas no módulo de periódicas (datos exhaustivos)*. Nel se ofrece información dos exemplares da subscrición, independentemente de se lle creamos ou non un exemplar no catálogo.

Para calcular as altas deben contarse só os exemplares en estado "Recibido".

Tras descargar e abrir o informe, obteremos uns resultados cunha visualización similar á da seguinte imaxe:



Archivo Editar Ver Insertar Formato Estilos Hoja Datos Herramientas Ventana Ayuda



| | A | B | C | D | E | F | G | H | I | J | K |
|----|--------------------------------|-----------------------|----------------------|--------------------|--------------------|------------------|---------------|---------------|----------------------|---------------------|---|
| 1 | Título | Numero de item | Data planific | Data de pub | Procedencia | Proveedor | Estado | Lingua | Id de subscri | Localizacion | |
| 2 | I love English | Nº 311, 2019 | 26/02/2019 | 01/03/2019 | | <a href="/cgi | Recibido | Outro | 117 | I | |
| 3 | Leo Leo (| Nº 355, 2019 | 26/02/2019 | 01/01/2019 | C | <a href="/cgi | Recibido | Castelán | 118 | I | |
| 4 | Time | Nº 3, 2019 | 15/02/2019 | 14/01/2019 | C | <a href="/cgi | Recibido | Outro | 1254 | H | |
| 5 | Time | Nº 9, 2019 | 25/02/2019 | 25/02/2019 | C | <a href="/cgi | Esperado | Outro | 1254 | H | |
| 6 | Time | Nº 7, 2019 | 15/02/2019 | 11/02/2019 | C | <a href="/cgi | Recibido | Outro | 1254 | H | |
| 7 | Arquitectura viva | Nº 211, 2019 | 25/02/2019 | 01/01/2019 | C | <a href="/cgi | Recibido | Castelán | 1317 | H | |
| 8 | Oxígeno. | Nº 114, 2019 | 27/02/2019 | 01/03/2019 | C | <a href="/cgi | Recibido | Castelán | 1426 | H | |
| 9 | La Alacena roja del comer. beb | Nº 30, Decembro, 2 | 18/02/2019 | 01/11/2018 | DL | | Recibido | Castelán | 1463 | DL | |
| 10 | La Alacena roja del comer. beb | Nº 26, Abril, 2018 | 18/02/2019 | 01/03/2018 | DL | | Recibido | Castelán | 1463 | DL | |
| 11 | La Alacena roja del comer. beb | Nº 25, Febreiro, 20 | 18/02/2019 | 01/01/2018 | DL | | Recibido | Castelán | 1463 | DL | |
| 12 | La Alacena roja del comer. beb | Nº 28, Agosto, 201 | 18/02/2019 | 01/07/2018 | DL | | Recibido | Castelán | 1463 | DL | |
| 13 | La Alacena roja del comer. beb | Nº 27, Xuño, 2018 | 18/02/2019 | 01/05/2018 | DL | | Recibido | Castelán | 1463 | DL | |
| 14 | La Alacena roja del comer. beb | Nº 29, Outubro, 20 | 18/02/2019 | 01/09/2018 | DL | | Recibido | Castelán | 1463 | DL | |
| 15 | Novas da Galiza | Nº 175, 2019 | 27/02/2019 | 01/02/2019 | DOA | | Recibido | Galego | 1497 | DH | |
| 16 | Novas da Galiza | Nº 174, 2019 | 27/02/2019 | 01/01/2019 | DOA | | Recibido | Galego | 1497 | DH | |
| 17 | Hostelería galega & turismo | Nº 217 | 18/02/2019 | 01/01/2019 | DL | | Recibido | Castelán | 1526 | DL | |
| 18 | Industrias pesqueras | Nº 2141, Xaneiro, 2 | 18/02/2019 | 01/01/2019 | DL | | Recibido | Castelán | 1529 | DL | |
| 19 | Mexillón de Galicia | Nº 24, Novembro, 2 | 18/02/2019 | 01/11/2018 | DL | | Recibido | Galego | 1546 | DL | |
| 20 | Revista es más | N 20, Marzo, 2018 | 18/02/2019 | 01/03/2018 | DL | | Recibido | Castelán | 1549 | DL | |
| 21 | Revista es más | N 21, Xuño, 2018 | 18/02/2019 | 01/06/2018 | DL | | Recibido | Castelán | 1549 | DL | |
| 22 | Revista es más | N 23, Decembro, 2 | 18/02/2019 | 01/12/2018 | DL | | Recibido | Castelán | 1549 | DL | |
| 23 | Leer | Nº 292 Temporada | 20/02/2019 | 01/12/2018 | C | <a href="/cgi | Recibido | Castelán | 1622 | DH | |
| 24 | Terraza y jardín | Nº 16, Febreiro, 20 | 11/02/2019 | 11/02/2019 | C | <a href="/cgi | Esperado | Castelán | 1662 | DH | |

a) Filtro por Estado Recibido para identificar as altas.

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I | J | K |
|--|--------------------------------|-----------------------|-------------------|-------------------|-------------------|------------------|--|---------------|-------------------|-------------------|---|
| | Título | Numero de item | Data plani | Data de pu | Procedenci | Proveedor | estado | Lingua | Id de subs | Localizaci | |
| | I love English | Nº 311, 2019 | 26/02/2019 | 01/03/2019 | | <a href="/cgi | | | | | |
| | Leo Leo (| Nº 355, 2019 | 26/02/2019 | 01/01/2019 | C | <a href="/cgi | Ordenar ascendentemente | | 8 | I | |
| | Time | Nº 3, 2019 | 15/02/2019 | 14/01/2019 | C | <a href="/cgi | Ordenar descendentemente | | 4 | H | |
| | Time | Nº 9, 2019 | 25/02/2019 | 25/02/2019 | C | <a href="/cgi | | | 4 | H | |
| | Time | Nº 7, 2019 | 15/02/2019 | 11/02/2019 | C | <a href="/cgi | Los 10 primeros | | 4 | H | |
| | Arquitectura viva | Nº 211, 2019 | 25/02/2019 | 01/01/2019 | C | <a href="/cgi | Vacío | | 7 | H | |
| | Oxígeno. | Nº 114, 2019 | 27/02/2019 | 01/03/2019 | C | <a href="/cgi | No vacío | | 6 | H | |
| | La Alacena roja del comer. beb | Nº 30, Decembro, 2 | 18/02/2019 | 01/11/2018 | DL | | Filtro estándar... | | 3 | DL | |
| | La Alacena roja del comer. beb | Nº 26, Abril, 2018 | 18/02/2019 | 01/03/2018 | DL | | | | 3 | DL | |
| | La Alacena roja del comer. beb | Nº 25, Febreiro, 20 | 18/02/2019 | 01/01/2018 | DL | | Buscar elementos... | | 3 | DL | |
| | La Alacena roja del comer. beb | Nº 28, Agosto, 201 | 18/02/2019 | 01/07/2018 | DL | | | | 3 | DL | |
| | La Alacena roja del comer. beb | Nº 27, Xuño, 2018 | 18/02/2019 | 01/05/2018 | DL | | | | 3 | DL | |
| | La Alacena roja del comer. beb | Nº 29, Outubro, 20 | 18/02/2019 | 01/09/2018 | DL | | <input type="checkbox"/> Esperado | | 3 | DL | |
| | Novas da Galiza | Nº 175, 2019 | 27/02/2019 | 01/02/2019 | DOA | | <input checked="" type="checkbox"/> Recibido | | 7 | DH | |
| | Novas da Galiza | Nº 174, 2019 | 27/02/2019 | 01/01/2019 | DOA | | | | 7 | DH | |
| | Hostelería galega & turismo | Nº 217 | 18/02/2019 | 01/01/2019 | DL | | | | 6 | DL | |
| | Industrias pesqueras | Nº 2141, Xaneiro, 2 | 18/02/2019 | 01/01/2019 | DL | | | | 9 | DL | |
| | Mexillón de Galicia | Nº 24, Novembro, 2 | 18/02/2019 | 01/11/2018 | DL | | | | 6 | DL | |
| | Revista es más | N 20, Marzo, 2018 | 18/02/2019 | 01/03/2018 | DL | | | | 9 | DL | |
| | Revista es más | N 21, Xuño, 2018 | 18/02/2019 | 01/06/2018 | DL | | | | 9 | DL | |
| | Revista es más | N 23, Decembro, 2 | 18/02/2019 | 01/12/2018 | DL | | | | 9 | DL | |
| | Leer | Nº 292 Temporada | 20/02/2019 | 01/12/2018 | C | <a href="/cgi | <input type="checkbox"/> Todo | | 2 | DH | |
| | Terraza y jardín | Nº 16, Febreiro, 20 | 11/02/2019 | 11/02/2019 | C | <a href="/cgi | | | 2 | DH | |
| | A Praza é túa : | Nº 11 | 18/02/2019 | 01/08/2018 | DL | | | | 5 | DL | |
| | A Praza é túa : | Nº 12 | 18/02/2019 | 01/11/2018 | DL | | | | 5 | DL | |
| | Ópera actual | Nº 221, 2019 | 13/02/2019 | 01/02/2019 | DOA | <a href="/cgi | Recibido | Castelán | 2019 | DH | |
| | Melámano | Nº 249, 2019 | 13/02/2019 | 01/02/2019 | DOA | <a href="/cgi | Recibido | Castelán | 2020 | DH | |

b) Filtro por idioma e estado Recibido para saber os exemplares de periódicas en lingua galega dados de alta no ano obxecto da estatística.

Para as baixas de publicacións periódicas xestionadas no módulo de Periódicas durante o ano obxecto da estatística, véxase o [Anexo IV](#).

Para saber o total de exemplares de publicacións periódicas, executaremos o informe *808 Exemplares de pub. periódicas no módulo de periódicas por estado (datos exhaustivos)* ou o *810 Exemplares de pub. periódicas no módulo de periódicas por estado (datos agrupados)* e aplicaremos os seguintes filtros en función da pregunta da estatística:



- a) Filtro por data de publicación e estado Dispoñible para saber o total de exemplares de periódicas publicados antes de 1901.
- b) Filtro por localización e estado Dispoñible para identificar as de fondo local. Aínda que este pode non ser suficiente e haxa que consultar os títulos.
- c) Filtro por estado Dispoñible para saber os exemplares de periódicas automatizados.

III. COLECCIÓN. NÚMERO DE VOLUMES ANTERIORES A 1901

III.1 Sistemas

- As bibliotecas que tiveran todo o fondo informatizado só en Koha a finais de 20XX, ano obxecto da estatística, poden usar o informe 501, SEN aplicarlle o filtro por número de rexistro, NIN por procedencia, para obter este dato.

Koha (informe 501 SEN aplicarlle o filtro por número de rexistro, NIN procedencia)

